



CIRCULAR 63-2020

CAMPIONATO DE GALICIA DE PROBAS COMBINADAS SUB 16

- A todas as delegacións da FGA.
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1) A F.G.A. organiza o Campionato de Galicia de Probas Combinadas que terá lugar nas Pistas de atletismo do CGTD en Pontevedra o sábado 10 de outubro en horario de mañá e de tarde e o 11 de outubro en horario de mañá .

Art.2) Poderán intervir todos aqueles/as atletas das categorías Sub 16.

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2020) por algún club pertencente a Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertenczan a clubs doutras Comunidades Autónomas.

*Segundo acordo da Asemblea nos campionatos de probas combinadas só poden participar atletas que acrediten rexistros no 40% das probas que compoñan a combinada na que participen, e dentro de eses rexistros exista unha proba de carreira, unha proba de salto e unha proba de lanzamento.

Participación:

8 atletas homes e 8 atletas mulleres categoría Sub 16

Para participar clasificaranse os/as mellores atletas con marcas individuais en todas as probas de cada combinada realizadas dende o 1 de abril de 2019 ou na propia proba combinada.

Despois contaranse aqueles/as que non facendo todas as probas ou tendo marca na propia combinada (contan tamén as de PC) teñan polo menos marca nas probas individuais incluíndo sempre unha carreira de valos, unha lisa, un lanzamento e un salto.

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do luns 5 de outubro do 2020**. Lémbrese a obrigatoriedade de especificar a data e lugar da marca nas inscricións. A listaxe de atletas admitidos, publicarase o martes ás 10:00 coa finalidade de que os/as atletas admitidos/as se borren das probas individuais do Campionato Sub 16.

Art.4)) Os/As tres primeiros/as atletas clasificados/as de cada categoría recibirán unha medalla conmemorativa do campionato (agás a categoría Senior).

Art.5) Os/As atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible por diante, agás a pértiga, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.



Art.6) Horario Provisional.

O horario definitivo publicárase co listado de inscritos.

HORARIO PROVISIONAL DO CAMPIONATO DE GALICIA P. COMBINADAS SUB 16 - XORNADA DE MAÑÁ (10/10/2020)						
HORA	CARREIRAS	LONXITUDE	ALTURA	PÉRTEGA	LANZ. LONGOS	PESO
12:16	100 ml Homes Oct.					
12:56						Peso Oct. Homes
HORARIO PROVISIONAL DO CAMPIONATO DE GALICIA P. COMBINADAS SUB 16 - XORNADA DE TARDE (10/10/2020)						
16:30	100 mv Mulleres Hexa.					
16:38			Altura Homes Oct.			
17:51			Altura Mulleres Hexa.			
19:36					Disco Oct. Homes	
19:44						Peso Mulleres Hexa.
HORARIO PROVISIONAL DO CAMPIONATO DE GALICIA P. COMBINADAS SUB 16 - XORNADA DE MAÑÁ (11/10/2020)						
HORA	CARREIRAS	LONXITUDE	ALTURA	PÉRTEGA	LANZ. LONGOS	PESO
9:45	100 mv Oct Homes	Lonxitude Hexa. Mulleres				
10:57					Xavelina Hexa. Mulleres	
11:21				Pérttega Oct. Homes		
13:13	600 Hexa. Mulleres					
13:53					Xavelina Oct. Homes	
14:49	1000 Oct. Homes					

Art.7) Cada atleta retirará o seu dorsal na cámara de chamadas. Co horario definitivo, publicárase o horario de cámara de chamadas, sendo imprescindible entregar na retirada a folla de Declaración Responsable.

Art.8) Nos Campionatos de Galicia Individuais e por clubs, existirá unha cota de inscrición de 1 euro. Nestes casos, e pasado o prazo de 24 horas de publicadas as inscricións, calquera baixa non xustificada levará consigo a perda da cota de inscrición correspondente.



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

Art.9) A responsabilidade das inscricións dos/as atletas, agás os/as que sexan independentes, corresponderá ó seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:, aprobadas pola Asemblea Xeral da FGA.

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a, non participa finalmente no Campionato, a sanción será de 3 euros por atleta inscrito/a, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@atletismo.gal) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6€ por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3€. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba onde se desexe inscribir o atleta, podendo ser esta denegada.

Art.10) O aforo será controlado e limitado. Establecerase para elo a petición de cita previa na páxina web de atletismo.gal, para os/as adestradores/as e delegados/responsables dos clubs participantes, una vez sexa publicada a relación definitiva de atletas admitidos.

Art.11) Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

Art.12) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A. (IAAF).

A Coruña, 3 de outubro de 2020



FEDERACIÓN GALEGA
DE ATLETISMO

FEDERACION GALEGA
DE ATLETISMO

AVDA. DE GLASGOW, 13
15008 ELVIÑA (A CORUÑA)

TEL. +34 981 291 683
WWW.ATLETISMO.GAL

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral Federación Galega de Atletismo